



PROPOSTA DA PRESIDENCIA

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/205 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2025.

EXPEDIENTE: 32/2025

Visto o expediente de modificación de crédito, suplemento de crédito 1/2025 e crédito extraordinario 1/2025, motivado e que afectan a:

*** Gastos correntes (Capítulo II):**

- Aplicación 1360.22104, para adquisición de vestuario consistente en guantes e botas para o persoal operativo e roupa de parque para o persoal de novo ingreso.
- Aplicación 1360.22199, para adquisición de materiais funxibles precisos para as intervencións como espumóxeno, humectante, etc..
- Aplicación 1360.22706, para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción dos procedementos operativos, requiridos por inspección laboral e previstos no convenio colectivo.

*** Transferencias correntes (Capítulo IV):**

- Aplicación 1360.46702, cota Asociación de Consorcios e Servizos de Bombeiros de España, (CONBÉ)2025, acordada pola Asamblea Extraordinaria de data 17-01-2025 e que supón un incremento respecto da prevista inicialmente no Orzamento.

***Gastos de investimento (Capítulo VI):** segundo se pon de manifesto pola Xerencia:

- Aplicación 1360.62300, para atender a necesidades da adquisición de equipamento técnico e utillaxe
- Aplicación 1360.62400, para atender a necesidade da adquisición de un BUP para o parque de Bueu e un BUP para o parque de O Porriño.
- Aplicación 1360.62900, para atender a necesidade da adquisición de traxes de intervención, traxes de intervención químicos, botellas de aire.
- Aplicación 1360.63400, para mellora de dotacións en vehículos de intervención.

Considerando que, de conformidade coas disposicións vixentes, cando deba efectuarse algún gasto específico e determinado que non poida demorarse ata o exercicio seguinte para o que non exista crédito ou o existente resulte insuficiente, a Corporación poderá acorda-la realización dun expediente de concesión de crédito extraordinario e/ou suplemento de crédito.

Considerando que, estas modificacións poderán financiarse con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2024, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril.





Considerando que, segundo establece o artigo 122.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, os consorcios estarán suxeitos ao réxime de presupostación, contabilidade e control da Administración Pública á que estean adscritos, sen prexuízo da súa suxección ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e o punto 4 deste mesmo artigo no que se sinala que os consorcios deberán formar parte dos presupostos e incluírse na conta xeral da Administración Pública de adscrición.

A vista do sinalado e do informe da secretaria-interventora deste Consorcio; esta Presidencia proponlle á Comisión Especial de Contas que ditamine favorablemente este expediente e a súa vez lle propoña ao Pleno do Consorcio a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de modificación de crédito, Suplemento de crédito n.º 1/2025 e Crédito extraordinario n.º 1/2025, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2024, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 201, nos seguintes termos:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2025

CAPITULO II

Aplicación Presupostari a	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.22104	105.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	VESTIARIO PARQUES
1360.22199	30.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	MATERIAL FUNXIBLE DE INTERVENCIÓNS
1360.22706	215.000,00 €		ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS
TOTAL	350.000,00 €		

CAPITULO IV

Aplicación Presupostari a	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.476.02	1.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	COTA ANUAL CONBE
TOTAL	1.000,00 €		

CAPÍTULO VI

Aplicación Presupostari a	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.623.01	96.000,00 €	Rte. líquido tesourería	INVESTIMENTO NOVO EN





		870.00	MAQUINARIA, INSTALACIONES TÉCNICAS E UTILLAXE
1360.63400	10.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN DE VEHÍCULOS
TOTAL	106.000,00 €		

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2025

CAPITULO VI

Aplicación Presupostaria	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.624.00	950.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	INVESTIMENO NOVO EN VEHÍCULOS
1360.62900	350.000,00 €	Rte. líquido tesourería 870.00	OUTROS INVESTIMENTOS NOVOS ASOCIADOS AO FUNCIONAMENTO OPERATIVO DOS SERVIZOS (TRAXES INTERVENCIÓN-BOTELLAS AIRE, CASCOS, MÁSCARAS)
TOTAL	1.300.000,00 €		

Quedando o resumo por capítulos do Orzamento como segue:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	4.601.800,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.121.720,92	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.234.600,00
4	Transferencias correntes	6.000,00	4	Transferencias correntes	3.140.000,00
5	Fondo de continxencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	1.747.479,66	6	Alleamento de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	7.000,00	8	Activos financeiros	2.112.300,58
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	7.487.000,58		TOTAL	7.487.000,58

2º.- Dar traslado do expediente, en canto ente de adscripción, á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa aprobación e tramitación, coa exposición pública para os efectos de reclamación, na forma e prazos que se establece no artigo 169 do R.D.Lvo. 2/2004, de 4 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90, ddo 20 de abril, e consolidación co Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei





40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En Pontevedra, o presidente

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

